

[Por que o 17 de maio](#)  
[Autores e autoras homenaxeados](#)  
[Xoaquín Lorenzo](#)  
[Avilés de Taramancos](#)  
[María Mariño](#)  
[Lorenzo Varela](#)  
[Lugrís Freire](#)  
[Álvarez Blázquez](#)  
[Ramón Piñeiro](#)  
[Uxío Novoneira](#)

**Por que o 17 de maio?**



**A dedicatoria de Rosalía de Castro a Fernán Caballero.**

*Señora: por ser muger y autora de unas novelas hácia las cuales siento la mas profunda simpatía, dedico á V. este pequeño libro. Sirva él, para demostrar á la autora dede CLEMENCIA, el grande aprecio, entre otras cosas, por haberse apartado algun tanto, en las cortas páginas en que se ocupó de Galicia, de las vulgares preocupaciones, con que se pretende manchar mi país.*

**Santiago, 17 de mayo de 1863  
Rosalía Castro de Murguía**

Do mesmo xeito que, a nivel da lingua castelá, anda a se celebrar o Día do Libro, queríamos establecer unha conmemoración semellante consagrada á lingua galega. Para isto tentamos a procura dunha data significativa. Parécenos a máis axeitada a do 17 de maio que figura na dedicatoria de Cantares Gallegos a Fernán Caballero.

Era o ano 1963, no que se cumpría o centenario daquela dedicatoria impresa no sonado libro rosaliano. O 20 do mes de marzo, os membros numerarios Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego dirixíndolle á Real Academia Galega un escrito solicitando a consagración da data devandita con perdurabilidade anual. Baseabámonos nos seguintes motivos: Que *Cantares Gallegos* fora a primeira obra de prestixio universal coa que contou a Literatura galega contemporánea. Que a celebración do acontecemento convidaba a considera-lo significado da mensaxe transmitida no volume centenario. Que o mellor xeito de acadalo sería que a Corporación académica acordase declarar "Día das Letras Galegas" o 17 de maio de cada ano. Que a data conmemorativa serviría para enaltecer e difundir o libro escrito no idioma propio.

Na Xunta Xeral Ordinaria do 28 de abril, a Academia resolveu aprobar por unanimidade a proposta. Comunicouse o acordo ao Ministerio de Información e Turismo, instando a correspondente autorización para cumprimentalo. Como resultado, o Director Xeral de Información deu por autorizado a iniciativa académica. O feito supuxo, sen dúbida, unha amosa de valor histórico. Porque con el non se ía celebrar só a calidade eximia da grande poeta. Tamén a virtude daquela lapa que ela acendeu coa súa delicada e ferida voz: a que tódolos galegos amamos como luz inmorredoiro. A autora identificárase moralmente co seu país. Mercede a esa dobre fusión puido darnos, e darlle ao mundo, a primeira mensaxe espiritual de Galicia. Converteu, ademais, a nosa lingua oral popular en lingua literaria.

Galicia enteira celebrou no 1963 o "Día das Letras Galegas" por vez primeira. Ao sartego rosaliano, en San Domingos de Bonaval, aos monumentos que as cidades do país lle ergueran á poeta, chegaron ramallos de flores da primavera galega. Lecturas rosalianas, conferencias, exposicións conmemorativas, tiveron lugar na sinalada data: un 17 de maio que quedaría xa, para sempre, como a xeira de exaltación e espaxamento das letras autóctonas. Pero non foi só nas cidades onde se conmemorou a festa. Nas pequenas vilas e nos centros de emigración realizáronse tamén sesións recordatorias, conferencias, recitais, exposicións e vendas de libros.

A partir do 1963, o "*Día das Letras Galegas*" veu dedicándose cada ano a unha figura sobranceira da nosa cultura. A primeira delas, despois de Rosalía, foi a de Castelao. Seguironlle trinta mais, entre as que se contaron Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Noriega Varela, Lamas Carvajal, Cabanillas, Viqueira, López Ferreiro, Villar Ponte, Manuel Antonio, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Iglesias Alvaríño, Cunqueiro, Luís Pimentel, Amado Carballo...

A xornada, oficialmente consagrada a honrar os libros e escritores de lingua galega, non só acadou eco notorio nos medios intelectuais no tempo decorrido entre 1963 e 1999, senón tamén no ambiente popular. A festa literaria do idioma noso, xa institucionalizada, vén representar un dos camiños de achegamento do nivel cultural e de compromiso das xentes do país coa lingua propia.

**Francisco Fernández del Riego, da Real Academia Galega**

**AUTORAS E  
AUTORES  
HOMENAXEADOS**




1963 : Rosalía de Castro  
1964 : Daniel R. Castelao  
1965 : Eduardo Pondal  
1966 : Francisco Añón  
1967 : Manuel Curros Enríquez  
1968 : Florentino L. Cuevillas  
1969 : Antonio Noriega Varela  
1970 : Marcial Valladares Núñez  
1971 : Gonzalo López Abente  
1972 : Valentín Lamas Carvajal  
1973 : Manuel Lago González  
1974 : Xoán Vicente Viqueira  
1975 : Xoán Manuel Pintos Villar  
1976 : Ramón Cabanillas Enríquez  
1977 : Antón Vilar Ponte  
1978 : Antonio López Ferreiro  
1979 : Manuel Antonio  
1980 : Alfonso X O Sabio  
1981 : Vicente M. Risco  
1982 : Luís Amado Carballo  
1983 : Manuel Leiras Pulpeiro  
1984 : Armando Cotarelo Valledor  
1985 : Antón Losada Diéguez  
1986 : Aquilino Iglesias Alvariño  
1987 : Francisca Herrera Garrido  
1988 : Ramón Otero Pedrayo  
1989 : Celso Emilio Ferreiro  
1990 : Luís Pimentel  
1991 : Álvaro Cunqueiro  
1992 : Fermín Bouza Brey  
1993 : Eduardo Blanco Amor  
1994 : Luís Seoane  
1995 : Rafael Dieste  
1996 : Xesús Ferro Couselo  
1997 : Ánxel Fole  
1998 : Martín Códax, Mendiño, Xohan de Cangas  
1999 : Roberto Blanco Torres  
2000 : Manuel Muguía  
2001 : Eladio Rodríguez González  
2002 : Martín Sarmiento  
2003 : Antón Avilés de Taramancos  
2004 : Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas  
2005 : Jesús Manuel Lorenzo Varela Vázquez  
2006: Manuel Lugris Freire  
2007: María Mariño Carou  
2008: Xosé María Álvarez Blázquez  
2009: Ramón Piñeiro  
2010: Uxío Novoneyra

**Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas**



**Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas**, naceu o 23 de xuño de 1907 no nº 30 da ourensá rúa da Paz, fronte á casa de Ramón Otero Pedraio e Vicente Risco. Estudou o bacharelato no Instituto de Ourense e a carreira de Filosofía e Letras en Santiago e Zaragoza. Foi membro do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista. Incorporouse ó Grupo Nós con Risco, Florentino Cuevillas e Otero Pedrayo, colaborando na revista Nós que dirixía Vicente Risco. Foi profesor e director do coñecido colexio ourensán "Cardenal Cisneros". En 1962 Nós publica en Buenos Aires, o volume 2, *Etnografía*. Cultura material, da *Historia de Galiza*, ao que Xocas dedicou 10 anos da súa vida. Débeselle tamén un vasto traballo arqueolóxico: escavacións de castros, interpretacións de inscricións. Lápidas de sartegos, a Capela e o Santuario do Santísimo Cristo da Catedral de Ourense, cerámicas castrexas pintadas, os cuartos dos castros, o pastoreo na serra de Leboeiro, vellas artes de pesca no río Miño, a casa, cantigueiro popular da Limia Baixa; son algúns dos temas estudados por Xaquín Lorenzo, un dos máis sobranceiros estudosos do noso folclore e etnografía. En 1976 é cofundador do Padroado do Museo do Pobo Galego, que presidirá ata a súa morte. En 1951 ocupa a vacante de Antonio Noriega Varela na Real Academia Galega. O seu discurso de ingreso versa sobre a casa galega. O 22 de xullo de 1989 morre en Lobeira. Deixou o seu legado ó Museo do Pobo Galego.



(*Historia de Galicia II*) (H-724) na nosa biblioteca está o estudo de Xocas e hai moitos debuxos e gráficos de etnografía

## Antón Avilés de Taramancos



Antón Avilés de Taramancos



Antón Avilés de Taramancos



Antón Avilés de Taramancos

**Antón Avilés Vinagre** naceu en 1935 na aldea de Taramancos (Noia), de aí o nome de Avilés de Taramancos. Dunha familia de labregos e mariñeiros, estudou Náutica na Coruña, onde moraría entre 1953 e 1959. Xa aos vinte anos publicou sete poemas na revista ferrolá Atlántida co título *As moradias do vento* (1955). Tres anos despois, estando en Ferrol facendo o servizo militar, apareceu *A fruta i o garmelo*.

No ano 1960 emigrou a Santiago de Cali (Colombia), onde levou unha vida de auténtico aventureiro desempeñando diversos oficios, pero a súa actividade literaria non cesou. Comezou a compor en 1961 *Poemas da ausencia*, enviou 10 poemas á revista Grial e realizou nas páxinas de *La Voz de Galicia* un emotivo "*Pranto por Urbano Lugrís*" (1974) co gallo da morte do pintor e amigo.

Volta a Noia en 1980, onde desenvolverá un incansable traballo social e colaborará en multitude de revistas. *O tempo no espello* é de 1982, nel inclúe, ademais dos dous primeiros libros, os titulados *Poemas a Fina Barrios* (1959), *Poemas soltos a Maricarme Pereira* (1961) e *Poemas da ausencia* (1961-1981). Tres anos despois saíron *Cantos caucanos* (1985), produto das lembranzas colombianas do poeta, que lle valeu o Premio da Crítica española e chegar a finalista do Premio Nacional de Madrid. En 1989 editase *As torres no ar* e un libro de relatos titulado *Nova crónica das Indias*.

Avilés de Taramancos morreu en Noia, onde traballaba como taberneiro, no ano 1992. Neste mesmo ano publicaríase unha *Antoloxía poética* do escritor e a póstuma *Última fuxida a Harar*, galardoada co Premio da Crítica Galega 1993. Tamén de 1992 é unha escolma de textos xornalísticos, *Obra viva*.

Na súa poesía obsérvanse dúas etapas claras. A primeira (1955-1961) está formada polos poemas escritos antes de marchar a Colombia. Son textos clasicistas nos que se emprega a miúdo o hendecasilabo. A segunda (1963-1992) abrangue toda a poesía de emigración e a súa volta a Galicia. As referencias míticas son agora o eixo temático. Avilés de Taramancos é autor dunha das reelaboracións máis persoais e interesantes feitas en galego do mito de Ulises.

A continuación, dous poemas seus:

Atrapa a verba, atrapa a bolboreta  
que se queima en faíscas decontado;  
atrapa mesmo un soño de poeta.

É o cazador poeta nese instante  
en que son ollo e ráfega un latexo  
que calla o sangue en río fulgurante  
como se for un lóstrego ao asexo.

E sae o cazador e a súa sombra  
- sae o poeta e a súa encarnadura -  
(que é como quen do seixo a luz escombra  
por ver da selva toda a fermosura).

*Última fuxida a Harar*

Xerín así, de perfumada sombra  
dun intexible vidro adolescente.

Amañecido poldro no corazón das arbres.

Silencioso maínzo. Xerín novo,  
esguía fruta blao polos gadellos.

*A fruta i o garmelo*

**Jesús Manuel  
Lorenzo Varela  
Vázquez**



**Jesús Manuel Lorenzo Varela Vázquez** naceu en 1916 nun barco de emigrantes e a piques de desembarcar na Habana. A súa familia, emigrantes de Monterroso –Lugo-, trasladouse en 1920 a Buenos Aires, onde comezou o ensino primario. Mais xa a finais dese ano súa nai veuse con el para Galiza e aquí continuou o poeta os seus estudos en Lugo. No 1932 xa coñeceu a Castelao e pronto ingresou nas Mocidades Galeguistas. Logo marchou a Madrid para estudar Letras e en 1935 integrárase nas Misións Pedagóxicas, onde coincidirá con Rafael Dieste, María Zambrano, Fernández Mazas, etc.. Colabora en PAN (Poetas, Andantes e Navegantes) e participa nas tertulias da época con pintores e escritores.

Durante a guerra civil é, con 21 anos, un dos comisarios de guerra máis novos. Percorreu as diferentes fronteas alentando coas súas publicacións xornalísticas o espírito revolucionario dos combatentes. Ao rematar a contenda pasa tres meses nun campo de concentración en Francia e en maio de 1939 marcha a México onde bota uns anos recuperando o seu labor xornalístico. Volta logo a Buenos Aires (1941-1946), onde coincide con Luís Seoane, Rafael Dieste, colaborando con eles en revistas e editoriais, exercendo de político, crítico de arte e tradutor de portugués. Nesta cidade publica *Catro poemas pra catro grabados* (1944) e *Lonxe* (1954). Entre o 46 e o 52 reside en Montevideo, e logo volta a Buenos Aires. Mais o golpe de Estado dos militares argentinos en 1976 obrígaos a saír do país. Volta a España, a Madrid onde pasa unha etapa de dificultades e illamento, só apoiado por algúns intelectuais como Díaz Pardo, e morre en Madrid o 25 de novembro de 1978.

Como acabamos de ver, Lorenzo Varela é o poeta do exilio permanente e ao escollelo para o Día das Letras de 2005 a Real Academia honra os nosos escritores que padeceron o exilio lonxe da patria. Na nosa literatura forma parte da Xeración de 1936.

Na súa poesía hai marcadas influencias da xeración do 25 e mais da do 27 castelán. Hai ecos neotrobadorescos e poemas de solidariedade cos oprimidos (poesía socialrealista combativa e de denuncia).

*Catro poemas pra catro grabados* é un fermoso poemario con ilustracións de Luís Seoane. *Lonxe* é o seu segundo libro de poemas en galego. Na súa obra completa recóllense outros poemas soltos

**A Rui Xordo**

Aramos sobre os mortos nesta terra  
i o noso pan ten un sabor de osos  
familiares, irmáns. O monte berra  
baixo do arado, e chámannos os  
nosos

desde a morte con voces coñecidas:  
"Nin marqueses, nin cregos, nin  
doutores  
fixeron as ribeiras verdecidas,  
nin o guerreiro coiro dos tambores.

Os condados do polvo son dos mortos  
e quen queira ser dono desta terra  
que veña navegando aos nosos  
portos.

Os que pidan o froito sen labores,  
Se non morren de seu, morran de  
guerra,  
E desta terra, así serán señores".

**Romaría**

Baila, meu amor,  
e volta de novo a bailar!  
Na punta do pé,  
na palma da man.

Nunha escada de herba  
baixaron os anxos  
por te ver bailar.  
Baila, meu sol baila,  
na punta do pé,  
na palma da man.

Cara de cereixa,  
non deixes no ar  
coma un peixe o corpo  
brincando na mar.  
Baila, meu amor,  
e volta de novo a bailar!

Xa meu corazón  
non é meu nin é  
corazón humán:  
ten maos e ten pés  
eponse a bailar.  
Na punta do pé  
na palma da man.

Baila, meu amor,  
e volta de novo a bailar.

**Castelao**

**CASTELAO**

Cando cheguen os tempos non chegados  
cando canten as mans traballadoras  
nas doídas manceiras dos arados  
e nas salgadas redes pescadoras,

Galicia ceibe tallará o teu nome  
nas outuras do Pórtico da Groria  
pra que falen os anxos con un home  
que leva a patria enteira na memoria.

Unha nova Galicia sen cadea,  
que non exportará mais sangue humán  
nin asoballará unha man allea:

Unha Galicia nova, a de mañán,  
que xa ven alborando, xa clarea,  
no peito arrollará teu soño irmán.

## Manuel Lugrís Freire



**Manuel Lugrís Freire** naceu en Sada en 1863. O escritor homenaxeado nas Letras Galegas 2006 pola Real Academia Galega (da que foi presidente) é unha das personalidades máis importantes do galeguismo no primeiro terzo do século XX.

Foi o primeiro orador que utilizou o galego nun acto público, emigrou a Cuba e fundou o primeiro xornal escrito enteiramente en galego, *A gaita gallega*. Participou na fundación das Irmandades da Fala e na redacción do Estatuto de Autonomía.

A parte fundamental da súa obra literaria é poesía: *Soidades* (1894), *Noitebras* (1901), *Versos de loita* (1919), *Ardencias* (1927) e *As Mariñas de Sada* (1928).

Tamén é unha figura destacada no rexurdimento do noso teatro, afianzando a prosa teatral, colaborando co conservatorio Nazonal de arte Galega e publicando varias pezas: *A ponte* (1903), *Minia* (1904) *Mareiras* (1904), *O pazo* (1917) e *Estadeíña* (1919).

*Contos de Asieumedre* –pseudónimo de Lugrís- é a súa colaboración á narrativa galega.

Finalmente, é o autor da primeira gramática escrita en galego, *Gramática do idioma galego* (1922)

Morreu na Coruña en 1940

**Velaí un poema seu:**

### O VENTO ZOA

O VENTO zoa  
nas outas lumieiras,  
e do pinal viciño  
óucese a fonda queixa.  
Toquenando co sono  
na lareira  
están os cativiños,  
e namentras a nai salouca e reza.

O vento zoa  
nas removidas tellas;  
a saraiba inverniza  
dun curisco, apredrea.  
As ferintes saudades  
medoñentas  
nas almas arrequecen...  
e namentras a nai salouca e reza.

O vento zoa  
e unha cantiga enxerga  
que de saudosos tempos xa pasados  
as lembranzas esperta;  
mais pensando no fillo  
que levaran á guerra,  
espello de aquel home  
a nai, triste e dorida,  
xa morto en terra allea,  
xa non reza  
porque coida que o vento  
xeme tamén nas outas lumieiras  
con laios tan firentes  
como os dela.

### María Mariño Carou



**MARÍA MARIÑO CAROU** naceu en Noia o 8 de xuño de 1907, filla dun zapateiro e dunha costureira. Tamén ela traballou de costureira. Durante a Guerra civil de 1936 vive un tempo en Noia. Logo volve a Boiro. Casa cun mestre. Volve un tempo ao País Vasco e despois ao Courel onde trata ao grande poeta do Courel, Uxío Novoneira. A morte prematura do único fillo, xunto coa da nai e dous irmáns marcou logo a súa existencia.

Só publicou un libro en vida, **Palabra no tempo**, de 1963. Morre en maio de 1966 deixando inédito ata 1990 **Verba que comenza** .

Toda a súa obra está dominada pola temática intimista. O mesmo que Rosalía, tradición popular e intimismo; a morte e a anguria existencial son temas comúns. Coincide tamén con Novoneira na inspiración nas terras do Courel e na utilización da lingua popular.

Canto á forma, evoluciona desde a métrica tradicional (octosílabos con rima asonante) ata o verso libre.

**Velaí un poema seu:**

#### O MEU TEMPO

Onte era mañanciña, cristaleira, sol migado.  
Onte era anduriña.  
Onte serán cantigaba.  
Onte a pradeira aboiaba no retorno da meniña.

O espiñeiro onte era rosa, era un alto espaiado.  
Nebra baixa era luceiro.  
Era o riacho océano.

Sono eran os regueiros;  
calexas del presentían.  
Eran as calexas donas do que o sono non sabía.

Era a roseira formento da masa que non coceu.  
Era o cume reino farto.  
Era todo.  
Era nada.  
Sin nacer hoxe morreu.

Tiñan os aires zoar na cuncha da pandeirata.  
A muiñeira medraba na néboa da polvoreda  
que en punteiras espaiaba.  
Soio huella quedou dela!

Comezaba a abrir o día  
cando a noite o pechou.  
Non se atopa pechadura, pechadura nin medida  
prá chave que el deixou.  
Quero saír a un camiño e non sei por onde andar.  
O hoxe non sabe ir soio.  
Onte lévao pola man.

*Palabra no tempo*

## Xosé María Álvarez Blázquez



**XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ**, Naceu en Tui en 1915 e finou en Vigo en 1985. Escritor polifacético: poeta, narrador, estudoso da literatura, editor (Castrelos), arqueólogo.

Poeta destacado: **Poemas de ti e de min** (1949), no que participa o seu irmán Emilio, **Roseira do teu mencer** (1950), **Romance do pescador peleriño** (1954), **Cancioneiro de Monfero (s. XIII)** (1953) (que presentou como un cancionero medieval auténtico), **Canle segredo** (1954) -liña intimista-. Todos estes textos están recollidos en **Obra galega completa** (1987). É un dos máis destacados poetas seguidores do neotrobadorismo na posguerra.

Importante estudoso da nosa literatura: **Escolma de poesía medieval** (1975), **Escolma de poesía galega II: A poesía dos séculos XIV a XIX** (1959) e outros estudos sobre varios autores..

Na narrativa: **Os ruíns** (1936), **A pega rabilonga e outras historias de tesouros** (1971).

Xosé María Bláquen é unha das personalidades máis completas no galeguismo de posguerra.

Nado nunha familia de galeguistas, os seus fillos tamén continúan a tradición (os Álvarez Cáccamo)

**Velaí un poema seu:**

### SAUDADE

ESTE DELOR da terra que me raña  
a esta outa cova dos soños onde teño  
o meu segredo amor;  
esta percura  
de vieiros sin termo para o esprito  
esligante de terra non andada;  
este voar ás toas, polos ares  
Do degaro, do afán, da señardade...  
Este querer e non querer, a eito  
loitando por abrirse na fiestra  
do pensamento; esta doente arela  
de un día luminoso; este desleixo  
do corpo que me leva manseliño,  
esta fonda anguria  
de brétemas, en roda dunha espranza...  
Esta saudade, ¡ai, Deus, si ti ma deche,  
non a tires de min, pois nela vivo!

*(Canle segredo)*

**Ramón Piñeiro  
López**



**Ramón Piñeiro López**, naceu o 31 de maio de 1915 en Láncara, Lugo. Estudou o bacharelato en Lugo. En 1933 xa asisitiu á Asemblea do Partido Galeguista en Santiago. En 1936 é o Secretario provincial para o referendo do Estatuto de Autonomía. Durante a guerra civil botou un tempo agochado e logo incorporouse obrigatoriamente á fronte como soldado do exército franquista. En 1946 foi a París reunirse cos exiliados e á volta foi detido en Madrid e condenado a 6 anos de cadea, cumprindo 3. Co paso dos anos foise convertendo nun dos galeguistas máis influíntes no país. Foron moitas as persoas que pasaron pola súa casa santiaguesa (a súa mesa camiña foi un referente nos ambientes nacionalistas) para falar, aconsellar, programar... A súa meta foi acadar a galeguización da sociedade. Participou na fundación da Editorial Galaxia en 1950, na creación do Partido Socialista Galego en 1963. En 1967 ingresou na Real Academia Gallega. Cara o 1980 fundou con outros galeguistas *Realidade Galega*: para conseguir un Estatuto de Autonomía como nacionalidade histórica. Foi deputado na 1ª lexislatura do Parlamento Galego e o 1º Presidente co Consello da Cultura Galega.

A maioría da súa obra son artigos publicados en Grial e prólogos a outros libros. A súa pricipal contribución ao ensaio galego é a *Filosfía da Saudade* (1984)

A saudade, un tema de raíz ben galega, ou, para séremos mais precisos, galego-portuguesa. Nos tempos medievais, a poesía galego-portuguesa reflexa con frecuencia o sentimento da ausencia mediante as palabras *soidade*, *suidade* e *soedade*. Pero, a partir do séc. XVI, os portugueses comenzan a substituílas pola palabra *saudade*, mentres que o galego, xa reducido á condición de lingua meramente falada, segue conservando as formas medievais. Durante os séculos en que o galego permaneceu mudo como lingua escrita, en Portugal o concepto e a palabra *saudade* acadaron grande vixencia, dando a impresión de seren patrimonio exclusivamente portugués, impresión que culminaría a comenzos do séc. XX coa aparición do *Saudosismo*, unha doutrina poética e místico-patriótica cuílas figuras mais representativas foron o poeta Teixeira de Pascoães e o filósofo Leonardo Coimbra. En Galicia, en cambio, non tivo expresión literaria porque neses séculos a nosa lingua non se escribía. No séc. XVIII, o P. Sarmiento fai a primeira referencia escrita á palabra *saudade*, e no XIX, cando comenza a se cultivar o galego como lingua literaria escrita, aparece en algúns poetas, mais ben na forma plural "saudades", pero predominan as formas tradicionais "soidade", "suidade", "soedade". En chegando á primeira metade do séc. XX, o tema da *saudade* colle unha gran presenza en Galicia, pois dá lugar a unha vigorosa preocupación intelectual interpretativa. Viqueira, Cabanillas, Risco, Novoa Santos, García Martí, Castelao, entre varios mais, escribiron sobre a *saudade* tratando de interpretar e definir o seu significado vivencial. Despois do trauma da guerra civil, cando alá polos anos 50 comenza a rexurdir a cultura galega, o tema da *saudade* reaparece de novo. A partir do 51 non deixa de estar presente na nosa actividade cultural e vanse realizando bastantes traballos interpretativos en Galicia cobra notable importancia. Pódese dicir que, desde os anos 20, constitúe unha verdadeira tradición no pensamento galego. (**Ramón Piñeiro**)

**Uxío  
Novoneyra**



**Uxío Novoneyra**, naceu en 1930 en Parada de Moreda, O Courel. En 1995 publica *Os eidos*, en 1974 *Os eidos 2*, en 1980 *Poemas caligráficos* e en 1994 *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras*. O poeta do Courel morreu o 30 de outubro de 1999.

Criouse na montaña do Courel que lle servirá de inspiración poética na maioría da súa obra. De estudante en Lugo coincide con Manuel María. Logo marcha a Madrid, Coruña e Santiago entrando en contacto con galeguistas como Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, etc. Nos anos sesenta traballa en Madrid participando nas tarefas do grupo Brais Pinto. Volta ao Courel e a Compostela (*¿Irei un día do Courel a Compostela por terras liberadas?*).

Por unha banda nos seus poemas prima o intimismo paisaxista, a natureza e o home identifícanse, intégranse nunha existencia trágica e sombriza; a maioría son poemas moi breves cun marcado fonosimbolismo.

Por outra banda, a poesía civil na que se reflexiona sobre a sociedade, sobre a liberdade e a opresión. Como en *Viet Nam canto* e a *Letanía de Galicia*.

Aínda sen ser moi abundante, a súa obra convérteo nun dos grandes poetas do século XX. Uxío Novoneyra foi tamén un excelente recitador sempre disposto a participar en todo recital de poesía alí onde era chamado.

### LETANÍA DE GALICIA

De tanto calar xa falo eu só

GALICIA digo eu un di *GALICIA*  
GALICIA decimos todos *GALICIA*  
hast'os que calan din *GALICIA*  
e saben *sabemos*

GALICIA da door chora *á forza*  
GALICIA da tristura triste *á forza*  
GALICIA do silencio calada *á forza*  
GALICIA da fame emigrante *á forza*  
GALICIA vendada cega *á forza*  
GALICIA tapeada xorda *á forza*  
GALICIA atrelada queda *á forza*

libre pra servir *libre pra servir*  
libre pra non ser *libre pra non ser*  
libre pra morrer *libre pra morrer*  
libre pra fuxir *libre pra fuxir*

GALICIA labrega *GALICIA nosa*  
GALICIA mariñeira *GALICIA nosa*  
GALICIA obreira *GALICIA nosa*

GALICIA irmandiña *GALICIA viva inda*

recóllote da TERRA *estás mui fonda*  
recóllote do PUEBLO *estás nil toda*  
recóllote da HISTORIA *estás borrosa*

recóllote i érgote no verbo enteiro  
no verbo verdadeiro que fala o pueblo  
recóllote prós novos que vein con forza  
prós que inda non marcou a malla d'argola  
prós que saben que ti podes ser outra cousa  
prós que saben que o home pode ser outra cousa

*sabemos que ti podes ser outra cousa*  
*sabemos que o home pode ser outra cousa*

